

ENTROIDO 2022 - IES DE VILALONGA

venres, 25 de febreiro



Este ano imos tentar organizarnos un pouco no Entroido, seguindo sempre as medidas de seguridade establecidas no protocolo covid.

Propoñémosvos unha temática para o centro:

PELÍCULAS E SERIES

(É unha temática moi variada e fácil de levar a cabo)

1. Poderán participar alumnado de ESO, Bacharelato e Ciclos; profesorado e persoal non docente.
2. Cada grupo-titoría que participe deberá inscribirse en conserxería, indicando grupo e filme do que se van disfrazar (límite de subscrición luns 21/02):
 - categorías: individual /parella /grupo
3. Estableceremos unha serie de premios (por determinar)
4. Haberá un xurado que determinará e adxudicará os premios.
5. Os grupos poderán ambientar como consideren o seu pase ante o xurado.
6. A valoración desenvolverase nas últimas dúas sesións da mañá (nas que non haberá clase) no patio cuberto traseiro.
7. Os grupos baixarán co profesorado co que teñan clase a 5^ªh, despois de pasar lista, e subirán ás aulas (co profesorado de 6^ªh) ás 14:00h para recoller e desinfectar.